

**Decreto 176/2000, do 22 de xuño,
polo que se regula o Programa de
atención ás persoas maiores dependentes
a través do cheque asistencial.**

(DOG nº 129 de 4-07-2000)

Unha das principais características demográficas de Galicia é o seu envellecemento da poboación. Segundo o Padrón Municipal de Habitantes e Estatística de Poboación de 1996, a porcentaxe de maiores de 65 anos da Comunidade Autónoma é do 18,3% e a das provincias de Lugo e Ourense supera o 24%. A da poboación española, sen embargo, non chega ó 16%. Esta situación é consecuencia do descenso de natalidade e do aumento da esperanza de vida, que na nosa Comunidade Autónoma é similar á doutros países industrializados, alcanzando unha media de idade de 74 anos para os homes e 81 para as mulleres.

Os cuidados que precisan as persoas maiores, na súa inmensa maioría, préstanse polas propias familias, realidade en principio moi positiva polo que manifesta de actitude solidaria delas cara ós seus compoñentes de maior idade e/ou precariedade.

Tendo en conta que a atención destas persoas non sempre pode ser asumida en exclusividade por esta rede natural, xa sexa pola gran carga de cuidados ou a complexidade deles, xa porque en determinados casos pode obrigar a unha formación e/ou supervisión profesional ou á utilización de recursos especializados, faise preciso desenvolver un sistema de actuacións específicas, que contribúan a garantir unhas condicións de vida digna para as persoas afectadas e a súa vez constituían un apoio para as súas familias.

Así mesmo, estas actuacións deben ter a virtualidade de adaptarse ás necesidades reais destas persoas e as súas familias e poder desenvolverse na totalidade do territorio de Galicia para que, cando os seus destinatarios o desexen e resulte conveniente, poidan seguir vivindo no seu contorno natural sen verse obrigados a abandonalo en contra da súa vontade.

Coa finalidade de cumprir estes obxectivos, a Xunta de Galicia vai implantar-lo Programa do cheque asistencial, que inclúe a creación dun sistema de axudas económicas para cofinancia-los gastos de persoas maiores que presente importantes situacións de dependencia e precisen de axuda doutra persoa para levar a cabo as actividades da vida cotiá.

Deste xeito, preténdese crear un dispositivo dotado dunha gran flexibilidade para atender-las necesidades particulares de cada unha desas persoas e as súas familias, e instáurase a liberdade de elección do usuario para escolle-lo provedor do servizo.

Xuntamente con isto, ademais, foméntase a creación de emprego estable a través do desenvolvemento da economía social e os servizos de proximidade, así como o xurdimiento de novas empresas de servizos

xerontolóxicos, aínda moi incipientes en Galicia. Para que o sector dos servizos sociais que, pola potencialidade amosada para xerar novos postos de traballo, se converteu nun dos principais xacigos de emprego, poida continuar co proceso de expansión iniciado nos últimos anos, as entidades poderán acollerse ás axudas para a creación de emprego nos termos que defina a normativa da Xunta de Galicia. Ademais, coa liberdade de elección por parte do usuario e o carácter público e institucional do programa, posibilitase a creación de servizos de calidade, tanto de tipoloxía residencial como de atención diúrna ou a domicilio.

Coa implantación das axudas públicas previstas no programa, que considera a problemática das persoas maiores dependentes e as súas familias dun xeito flexible e adaptado ás súas necesidades específicas e, cando sexa desexable e posible, favorecerá o mantemento no seu ambiente familiar e social, dáselle cumprimento ó disposto no artigo 3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, reguladora do sistema de servizos sociais na Comunidade Autónoma galega, que sinala, entre outros, como principios inspiradores do sistema de servizos sociais os de responsabilidade pública, recoñecemento e apoio da inicitavia social, recoñecemento da iniciativa privada, coordinación, globalidade, normalización, integración e universalidade. Así mesmo, dáselle cumprimento ó disposto no Decreto 240/1995, do 28 de xullo, que regula os servizos sociais de atención primaria e, en particular, o relativo ó contido dos programas propios deste primeiro nivel de atención, en tanto o programa garante a atención básica e xeralizada na totalidade do territorio autonómico cuns contidos mínimos na prestación dos servizos. Así mesmo, a Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda no fogar concreta as atencións que deberá incluír esta prestación básica, para lles ofrecer unha atención integral e polivalente ós usuarios.

Seguindo a liña xa establecida pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e pola propia Lei galega de servizos sociais, o programa outórgalles unha participación especial ós servizos sociais dependentes dos concellos, atribuíndolles competencias de xestión, tramitación e seguimento nas súas diversas fases. A través desta co-xestión preténdese o achegamento progresivo cara á única vía para o acceso, a detección de necesidades e a orientación de recursos, cobrando especial importancia os principios de normalización, integración e descentralización. Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de xuño de dous mil,

DISPOÑO:

Capítulo I

Normas xerais

O obxecto do presente decreto é o establecemento e a regulación do Programa de Atención ás Persoas Maiores Dependentes a través do Cheque Asistencial.

2.1. O programa de atención ás persoas maiores dependentes comprende o conxunto de axudas públicas individuais destinadas a cofinancia-los gastos que se deriven da atención ás persoas maiores de 65 anos en situación de severa e grande dependencia, que consiste na necesidade de axuda de terceira persoa para a realización de actividades da vida diaria.

2.2. O programa ten como finalidade acadar unha mellor atención e calidade de vida para os maiores dependentes a través do seu apoio directo e ás súas familias, así como contribuír á creación de emprego estable no ámbito dos servizos sociais.

Capítulo II

Da acción protectora

Son modalidades do programa de atención ás persoas maiores dependentes.

1. Cheque Residencia: comprende as axudas individuais destinada a cubrir-lo custo de estadias permanentes en centros asistenciais incluídos no programa.

2. Cheque Centro de Atención Diúrna: inclúe as axudas destinadas a cubrir-lo custos ocasionados por cuidados de recuperación e mantemento de capacidade funcional en centros de atención diúrna incluídos no programa.

3. Cheque Atención de Axuda no Fogar: comprende as axudas destinadas a cubrir-lo custos ocasionados por servizos profesionais de atención integral, prestados no propio fogar familiar polas entidades incluídas no programa, que aparecen regulados na Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo da axuda no fogar.

4. Cheque Estadía Temporal ou Programas de Respiro: comprende as axudas destinadas a financia-los gastos derivados de estadias temporais, polo tempo máximo que se fixe na normativa de desenvolvemento deste decreto, en residencias incluídas no programa. Esta modalidade poderá incluír programas de formación e apoio psicolóxico para os cuidadores habituais.

Poderán ser beneficiarios do programa de atención ás persoas maiores dependentes os maiores de 65 anos nos que concorran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroadado e ter residencia

efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega alomenos durante o ano completo inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén poderán ser beneficiarios das axudas os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tiveran a súa última veciñanza administrativa en Galicia se as anteditas persoas fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Padecer unha situación de dependencia física e/ou psíquica que lle faga precisar de axuda doutra persoa para realiza-las actividades esenciais da vida diaria.

3. Non ter desfrutado do servizo que se solicita nun período de 6 meses anteriores á formulación da solicitude.

No caso do Cheque Residencia será requisito imprescindible non ser ou ter sido residente en calquera residencia pública ou privada da terceira idade no período dun ano completo e inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Poderase excepción dos requisitos recollidos no punto 3 anterior a aqueles supostos nos que, salvadas as obrigas legais pertinentes, variasen as circunstancias económicas que posibilitaron o acceso ó servizo ou o ingreso na residencia. En todo caso, a acreditación das devanditas variacións reflectirase expresamente no informe social.

Unha vez aberta a convocatoria, a solicitude de axuda presentárase en exemplar normalizado e por duplicado no rexistro do concello de residencia. Os servizos sociais de atención primaria do referido concello elaborarán o oportuno expediente no que deberán facer consta-los seguintes documentos debidamente cubertos:

a) Modelo oficial de solicitude, debidamente cuberta, asinada pola persoa interesada, ou o seu representante legal sempre que este último o acredite na forma establecida no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a persoa interesada estivese incapacitada por sentenza xudicial deberá acompañarse sentenza de incapacitación xudicial e auto de nomeamento de titor.

b) Informe social do traballador social de atención primaria, conforme ó sinalado no artigo 6.3º e de acordo co modelo que se establece na convocatoria.

c) Informe de valoración da dependencia funcional segundo modelo que se establece na convocatoria.

- d) Certificado de empadramento cun ano de anterioridade á formulación da solicitude.
- e) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da persoa interesada e, se é o caso, do representante legal.
- f) Fotocopia compulsada da última declaración da renda, e patrimonio, se é o caso, dos membros da unidade de convivencia ou certificación de non ter presentadas as devanditas declaracións.
- g) Xustificante das pensións dos membros da unidade de convivencia expedido polo organismo competente.
- h) Declaración xurada de non ter percibido o servizo que se solicita no período de 6 meses anteriores á formulación da solicitude ou, se é o caso, non ser ou non ter sido residente en ningunha residencia da terceira idade no período dun ano completo e inmediatamente anterior á formulación da solicitude, excepto cando se dea a excepción recollida no último parágrafo do artigo 4º. 3.
- i) No caso dos emigrantes que fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega, deberán presentar ademais un certificado no que conste a súa última veciñanza administrativa en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma.
- j) Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, coa mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

6.1. A consellería competente en materia de servizos sociais é o órgano competente para efectuar a convocatoria e regulará as axudas económicas deste programas. Os delegados provinciais da consellería competente en materia de servizos sociais serán os competentes para resolver os expedientes de solicitude das axudas e da súa notificación ós interesados. O prazo de resolución en ningún caso superará os seis meses.

6.2. Tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, as solicitudes valoraranse en función do baremo que se aprobe na normativa de desenvolvemento, no que se terán en conta as situacións de dependencia persoal, familiar, social, económica e outras circunstancias debidamente motivadas.

6.3. Para acreditar a necesidade social os servizos sociais de atención primaria do concello correspondente emitirán un informe social onde o traballador social reflicta a situación persoal, familiar, económica e necesidades de atención e que conteña unha valoración dela, así como a proposta técnica que se considere oportuna. Para a valoración da prioridade na selección consideraranse os ingresos da unidade de convivencia procedentes de soldos, rendas, xuros bancarios, pensións ou outras axudas concedidas por persoas físicas

ou institucións públicas ou privadas. Considerarase unidade de convivencia os solicitantes que vivan sos e, se é o caso, o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

7.1. O importe máximo das distintas modalidades do cheque fixarao anualmente a consellería competente en materia de servizos sociais.

A contía da axuda establecerase en función dos ingresos da unidade de convivencia e do crédito dispoñible anualmente ó respecto.

7.2. Unha vez notificada a concesión da axuda solicitada, devengarase desde o primeiro día do mes seguinte á data de inicio de atención concedida e, en función da modalidade de atención outorgada, manterase dentro do límite do exercicio económico, sempre e cando non se produzan variacións das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda que provoquen a súa extinción.

Na normativa de desenvolvemento fixaranse os prazos e condicións para o pagamento ás entidades prestadoras do servizo, así como as posibles deducións polas incidencias que se puidesen producir.

7.3. A concesión da axuda ó beneficiario acompañarase da entrega dos correspondentes cheques. Con estes cheques, maila a diferenza que proceda con cargo ós seus ingresos persoais, dos seus familiares e/ou doutras axudas que poida ter, o beneficiario aboará o importe dos servizos á entidade prestadora dos deles. Mensualmente, a entidade correspondente remitirá á delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais para o seu pagamento os cheques correspondentes ó mes anterior, acompañados da documentación que esixa a normativa de desenvolvemento.

8.1. As axudas quedarán prorrogadas automaticamente desde primeiros de ano, en función das dispoñibilidades orzamentarias e de conformidade co establecido nos parágrafos seguintes.

8.2. Na modalidade de Cheque Residencia, durante o mes de outubro de cada ano, os beneficiarios ou os seus representantes legais, se é o caso, deberán remitir á correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais unha declaración xurada relativa á non-modificación das circunstancias que motivaron a concesión ou ben con expresión das circunstancias que se modificación, así como copia da declaración da renda, e patrimonio se é o caso, do ano anterior ou certificación de non ter presentadas éstas. A non-presentación da referida documentación no prazo establecido, entenderase

como renuncia á prórroga da axuda, logo de requirimento ó respecto.

8.3. Na modalidade de Cheque Centro de Atención Diúrna e de Axuda no Fogar, os servizos sociais de atención primaria do concello deberán emitir un informe social complementario por cada expediente, elaborado polo traballador social, no que se valorará a conveniencia da continuidade, modificación ou extinción da modalidade do cheque, acompañado da oportuna proposta. O devandito informe social deberá ser remitido no mes de outubro de cada ano á delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais para os efectos da prórroga do cheque do ano seguinte.

8.4. Quedan exceptuados da presentación da documentación prevista nos dous parágrafos anteriores os beneficiarios de cheques concedidos no último trimestre do ano.

8.5. Na modalidade de Cheque Estadía Temporal ou Programas de Respiro non existe posibilidade de prórroga.

9.1. O dereito á percepción das distintas modalidades do cheque extingúese por calquera das causas seguintes:

1. A ocultación ou falseamento de datos na solicitude inicial ou na actualización deles as prórrogas.
2. Non facilita-los datos requeridos ou obstruí-lo labor inspector e de seguimento dos servizos do concello ou da consellería competente en materia de servizos sociais.
3. Non destina-los cheques destas axudas para a finalidade pola que se concederon.
4. Non comunicar calquera alteración ou modificación das condicións ou circunstancias que motivaron a súa concesión.
5. Por perda dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento.
6. Polo cesamento das condicións que motivaron a súa concesión.
7. Por falecemento do beneficiario.

9.2. A concorrencia dos supostos previstos nos puntos 1, 2, 3 e 4 do punto anterior determinará ademais da perda do dereito á axuda, a obriga a reintegrar-la contía das axudas percibidas indebidamente, así como a imposibilidade de realizar novas peticións de calquera das modalidades de Cheque Asistencial nos dous anos seguintes á comisión da falsidade, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbese lugar en dereito.

Capítulo III

Das entidades prestadoras

As entidades prestadoras dos servizos recollidos no programa someteranse a un procedemento de autorización administrativa previa, para o cal deberán reuni-los seguintes requisitos:

10.1. Con carácter previo á solicitude da súa inclusión no programa, deberán constar inscritas no Rexistro de Entidades

Prestadoras de Servizos Sociais dependente da consellería competente en materia de servizos sociais.

10.2. Nos centros de atención a persoas maiores tipificados como residencias e/ou centros de día, deberán contar co previo e preceptivo permiso de inicio de actividades outorgado con carácter definitivo pola consellería competente en materia de servizos sociais, así como aquelas outras autorizacións administrativas que lle sexan esixidas pola normativa vixente de aplicación. En todo caso, observaranse como mínimos garantidos os requisitos fixados na Orde de 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprí-los centros de atención ás persoas maiores.

No suposto de comisión de infraccións graves ou moi graves, previstas na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, as entidades afectadas non serán autorizadas para a súa inclusión no programa durante un período de 3 a 5 anos, respectivamente. A presente restricción unicamente afectará o centro respecto ó que se produciu a infracción e non ó resto dos centros que puidesen ser xestionados pola entidade.

10.3. No suposto de que o servizo consista na atención de axuda no fogar aplicarase o disposto no Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan o servizos de atención primaria e na Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou, se é o caso, na normativa na materia que a substitúa.

Non serán admitidas no programa de cheque asistencial:

1. As entidades que trala instrucción do oportuno expediente foran sancionadas por infracción da Lei 4/1993, de servizos sociais, e non cumpriran a sanción imposta.
2. As entidades, respecto do centro no que se dictou resolución de medidas cautelares, con base nos incumprimentos ou riscos detectados no decurso de actuacións inspectoras, durante o tempo que persista o incumprimento ou risco que as xustificou.

As entidades que sexan titulares de centros ou desenvolvan programas de axuda no fogar nos termos expresados no artigo 10, poderán solicita-la súa inclusión no programa de cheque asistencial, de acordo coa normativa de desenvolvemento do presente decreto, comprometéndose a asumilas seguintes obrigas:

- Presta-los servizos correspondentes á tipoloxía do centro ou programa de conformidade coa lexislación na materia, e demais especificacións que se determinen nas normas de

desenvolvemento deste decreto.

- Respecta-los prezos dos servizos obrigatorios que non excederán ós publicados anualmente pola consellería competente, nos que estarán incluídos os impostos correspondentes.
- Implantar na súa organización os modelos de xestión e avaliación informática do programa de cheque asistencial, que facilite a Dirección Xeral de Servizos Sociais, así como achega-los datos estatísticos normalizados.
- Comunica-la incidencia deste programa na creación de emprego, así como a súa estabilidade, nos termos que se especifiquen na normativa de desenvolvemento deste decreto.
- Someterse ás inspeccións e actuacións de comprobación de calidade que desenvolva a consellería competente.

13.1. O titular ou representante legal da entidade prestadora de servizos sociais deberá presentar na Dirección Xeral de Servizos Sociais solicitude normalizada, para a súa inclusión no programa do cheque asistencial, xunto coa documentación que se determine na orde de desenvolvemento deste decreto.

13.2. Recibida a documentación e completada, se é o caso, o órgano instructor do expediente realizará as comprobacións oportunas respecto da situación administrativa da entidade e centro, e solicitará os informes ou documentación que considere oportuno.

13.3. Unha vez formulada proposta de resolución pola unidade correspondente, a Dirección Xeral de Servizos Sociais resolverá e notificará o que proceda no prazo máximo de tres meses.

13.4. As entidades en todo caso deberán reuní-los requisitos previstos no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.

14.1. O órgano competente para resolver os expedientes de baixa será a Dirección Xeral de Servizos Sociais. A baixa das entidades prestadoras de servizos sociais respecto dalgún ou tódolos seus centros e/ou servizos de axuda no fogar, no programa de cheque asistencial poderá producirse de oficio ou por petición da parte.

14.2. Acordarase de oficio e logo de expediente incoado para tal fin, nos seguintes supostos:

- a) Pola causa de non admisión prevista no artigo 11.1º deste decreto.
- b) Por cesamento de actividades do centro ou deixar de presta-lo servizo de axuda no fogar.
- c) Por incumprimento dalgunha das obrigas previstas no artigo 12º do presente decreto.

14.3. Acordarase por petición de parte no seguinte suposto:

As entidades incluídas no programa poderán

solicitala-la súa baixa nel cunha antelación mínima de 6 meses á data na que se pretenda facer efectiva esta, co fin de lles evitar prexuízos ós beneficiarios.

A solicitude acompañarase da relación de beneficiarios do programa e do calendario previsto.

A solicitude e demais documentación presentada e requerida, se é o caso, será obxecto de análise e comprobación, dictándose a oportuna resolución no prazo dun mes desde a solicitude, que se notificará acompañada das medidas cautelares precisas para a correcta atención ós beneficiarios, que serán de obrigado cumprimento para a entidade. Transcorrido o dito prazo, entenderase estimada a petición.

14.4. No suposto previsto no artigo 11.2º deste decreto suspenderase a inclusión da entidade no programa de cheque asistencial, nos termos establecidos na resolución de medidas cautelares.

Capítulo IV

Control da calidade

15.1. Nas modalidades de cheque de Atención Diúrna e Cheque Atención de Axuda no Fogar corresponderalles ós concellos respectivos, a través dos servizos sociais de atención primaria, asumi-lo proceso de seguimento continuo das axudas concedidas no seu termo municipal.

15.2. A consellería competente en materia de servizos sociais poderá levar a cabo calquera inspección e control das axudas sobre a súa adecuación ó fin para o que foron concedidas. Así memo, para os efectos de realiza-la necesaria avaliación do programa, os servizos sociais de atención primaria dos concellos facilitaranlles ás delegacións provinciais da consellería a información precisa e os beneficiarios deberán facilita-la realización das valoracións da súa dependencia.

15.3. Na modalidade de Cheque Residencia, os centros cunha periodicidade anual enviarán á Delegación Provincial da consellería competente en materia de servizos sociais informe de seguimento do traballador social sobre a situación do beneficiario.

Coa finalidade de realizar un seguimento e avaliación periódica deste programa, e de propoñer, se é o caso, as medidas conducentes á súa mellora, crearase unha Comisión de Seguimento e Avaliación do Programa de Cheque Asistencial presidida pola titular da consellería competente en materia de servizos e coa composicións que se determine na normativa de desenvolvemento de presente decreto.

Capítulo V

Réxime económico

Poderán cofinanciar e participar neste programa as persoas físicas e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo da responsabilidade pública da Administración autonómica no programa, e da equidade no

acceso a el a través dun procedemento único para a solicitude, tramitación e resolución das axudas, e salvagardando sempre a liberdade de elección dos beneficiarios, entre os centros ou entidades prestadoras incluídas no programa.

18.1. A participación no programa do cheque asistencial por parte dos entes públicos e privados formalizarase a través de convenios singulares de adhesión e cofinanciamento do programa. Estes convenios especificarán, en todo caso, a contía total do financiamento que se achega, ó tempo de duración da adhesión e colaboración co programa, e as modalidades de cheque que se van financiar. Poderán tamén regular as especificidades que se pacten, como grupos de poboación os que se dirixe a axuda, ámbito territorial, ou outras que se determinen. As entidades adheridas poderán asumir determinadas actuacións relativas á información e difusión do programa.

18.2. As entidades cofinanciadoras que o desexen aparecerán como tales en tódalas actuacións de difusión do programa que se realicen durante o período da súa colaboración.

Así mesmo, poderán participar na Comisión de Seguimento e Avaliación do Programa que se cree para o efecto durante o dito período, e terán acceso a toda a información estatística dispoñible relativa a xestión do programa.

Os cheques cofinanciados levarán o anagrama da entidade cofinanciadora.

18.3. Para os efectos de que as entidades privadas cofinanciadoras se poidan acoller ás desgravacións fiscais que correspondan no marco da normativa tributaria de aplicación, e especificamente nas previstas na Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, e a normativa de desenvolvemento, en especial no Real decreto 765/1995, do 5 de maio, a consellería competente en materia de servizos sociais, logo de solicitude da entidade interesada, emitirá un certificado especificando o importe das achegas realizadas pola entidade cofinanciadora.

Disposicións adicionais

Primeira.– En todo o non regulado no presente decreto haberá que aterse ó disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais e no Decreto 258/1990, do 27 de abril, polo que se establece o réxime xeral de axudas e subvencións en materia de servizos sociais, e demais normativa de desenvolvemento.

Segunda.– A concesión das axudas reguladas no presente decreto terá como límite global o crédito asignado para o efecto nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma.

Disposicións derradeiras

Primeira.– Facúltase o consellerio de Sanidade e Servizos Sociais para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.– O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Orde do 5 de decembro de 2000 pola que se regulan as axudas económicas para a atención de persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial e a inclusión no programa das entidades prestadoras de servizos sociais.⁽¹⁾

(DOG nº 2, do 3-01-2001)

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, nos seus artigos 50 a 52 recolle a posibilidade de conceder de maneira singular prestacións económicas non periódicas e periódicas a persoas en estado de necesidade.

A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 351/1997, do 10 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 48/1998, do 5 de febreiro, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería, ten atribuídas competencias en materia de servizos sociais.

O Consello da Xunta por iniciativa da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais aprobou o Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial, que ten por finalidade acadar unha mellor calidade de vida para as persoas maiores dependentes a través do seu apoio directo e ás súas familias, contribuíndo, ademais, á creación de emprego estable no ámbito dos servizos sociais. Esta orde regula o réxime xeral das axudas económicas previstas no citado decreto, que dispón que a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais será o órgano competente para efectuar a convocatoria e regular as axudas económicas deste programa.

No texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, establécense os requisitos xerais para as subvencións e axudas que conceda a Administración autonómica. A Lei de orzamentos de cada ano indicará a aplicación para financiar as axudas que se establecen no articulado desta orde, e que concederán, en todo caso, tendo en conta o límite das dispoñibilidades orzamentarias. En concreto, segundo a Lei 7/1999, de orzamentos xerais da Comunidade

1(1) Os artigos que figuran en cursiva se modificaron pola Orde do 30 de abril de 2001 (DOG nº 92, do 14-05-2001, e corrección de erros no DOG nº 102, do 28-05-2001).

Autónoma para o ano 2000, existe crédito adecuado na aplicación 11.03.212D.4828 por un importe global máximo de 58.200.000 pesetas. Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas, DISPOÑO:

Esta orde ten por obxecto a regulación dos procesos de concesión das axudas económicas individuais para persoas maiores de 65 anos dependentes, que desexen acollerse ós beneficios do Programa Cheque Asistencial, así como os requisitos e o procedemento de inclusión das entidades que soliciten ser prestadoras de servizos no marco deste programa.

1. Cheque residencia: comprende as axudas individuais destinadas a cubri-lo custo de estancias permanentes en centros asistenciais incluídos no programa. Esta axuda dará dereito ós beneficiarios a que se lles presten os seguintes servizos: aloxamento, manutención, coidado persoal, control e protección, atención xerontoloxía integral e atención social.
2. Cheque centro de atención diurna: inclúe as axudas destinadas a cubri-los custos ocasionados por coidados de recuperación e mantemento da capacidade funcional en centros de atención diurna incluídos no programa. Nestes centros prestaranse os servizos de atención persoal e xerontolóxica.
3. Cheque atención de axuda no fogar: comprende as axudas destinadas a cubri-los custos ocasionados por servizos profesionais de atención integral establecidos na Orde do 22 de xullo de 1996, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e prestados no propio fogar familiar polas entidades incluídas no programa. Comprenderá atencións de carácter persoal, psicosocial, educativo e doméstico.
4. Cheque estadia temporal ou programas de respiro: comprende as axudas destinadas a financia-los gastos derivados de estadias temporais, polo tempo máximo de dous meses, en residencias incluídas no programa. Esta modalidade poderá conter programas de formación e apoio psicolóxico para os coidadores habituais. Esta axuda dará dereito ós beneficiarios a que se lles presten os seguintes servizos: aloxamento, manutención, coidado persoal, control e protección, atención xerontolóxica integral e atención social durante un período máximo de dous meses.

1. En relación cos beneficiarios, solicitudes, tramitación e resolución das axudas aplicarase o disposto no capítulo II do Decreto 176/2000, do 22 de xuño. No caso dos emigrantes retornados quedarán exceptuados da obriga de teren residencia efectiva e de estaren empadroados en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega alomenos durante o ano completo e inmediatamente anterior

ó da formulación da solicitude, segundo o previsto no artigo 4.1º do Decreto 176/2000, do 22 de xuño.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior as solicitudes poderán, así mesmo, presentarse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para os efectos do previsto no artigo anterior, a presentación de solicitudes poderase facer efectiva a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

1. Será necesario presentar toda a documentación citada no artigo 5 do Decreto 176/2000, utilizando, se é o caso, os modelos elaborados para o efecto e que figuran como anexos a esta orde.
2. Os servizos sociais dependentes do concello, á vista da documentación requerida de acordo co punto anterior, remitirán cada expediente completo e debidamente cuberto á respectiva delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
3. No caso de que a documentación resulte incompleta ou defectuosa o concello requerirá o solicitante para que, nun prazo de 10 días, achegue os documentos preceptivos ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese será tido por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
4. Tanto o concello como a delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais poderán solicitar calquera outra documentación complementaria que sexa necesaria para os efectos de resolvelo expediente. A negativa inustificada por parte dos interesados a enviala entenderase como renuncia á petición da axuda, logo de resolución do órgano solicitante.

1. A avaliación das solicitudes e a correspondente proposta de resolución será efectuada pola comisión de avaliación de solicitudes, que se constituirá en cada delegación provincial.
2. A comisión de avaliación estará constituída polos seguintes membros:
 - Presidente: o xefe de Área de Servizos Sociais.
 - Vocais: dous empregados públicos da Área de Servizos Sociais, sendo un deles o xefe de servizo responsable e outro o encargado da súa xestión, designado polo delegado provincial e que actuará como secretario.
3. Ás reunións da comisión poderán asistir, por petición dela, un traballador social

dos servicios sociais de atención primaria e calquera outro profesional.

4. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examina-las solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que designen os respectivos delegados provinciais.

A comisión de avaliación, tendo en conta o orzamento asignado para este programa, proporá a prelación pertinente dentro daquelas peticións que reúnan todos os requisitos sinalados no artigo 5 do Decreto 176/2000, do 22 de xuño, de acordo coas prioridades e os baremos que figuran como anexos a esta orde.

1. Os delegados provinciais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, á vista da proposta da comisión de avaliación, dictarán a resolución pertinente no prazo máximo de catro meses contados a partir da data de entrada da solicitude. O seu contido notificaráselles ós interesados e daráselles traslado ós servicios sociais de atención primaria dos correspondentes concellos.

2. No caso de que a demanda de axudas supere a oferta dispoñible, notificaráselles ós interesados, se é o caso, a puntuación obtida en aplicación do baremo e a súa inclusión nunha lista de espera.

1. A nivel autonómico constituirase unha Comisión de Seguimento e Avaliación do Programa, segundo o previsto no artigo 16 de decreto, que terá como función o control, seguimento e avaliación global dos resultados do programa, así como a formulación de propostas de melloralo.

2. A comisión terá a seguinte composición: Presidente: o conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais.

Vicepresidente: a directora xeral de Servicios Sociais.

Vocais:

- O subdirector xeral de Acción Social.
 - O subdirector xeral de Administración e Inspección.
 - A xefa do Servicio de Atención ás Persoas Maiores.
 - A xefa do Servicio de Atención Primaria e Cooperación coas Corporacións Locais.
 - A xefa da Área de Servicios Sociais da Delegación Provincial da Coruña.
 - A xefa da Área de Servicios Sociais da Delegación Provincial de Lugo.
 - O xefe da Área de Servicios Sociais da Delegación Provincial de Ourense.
 - O xefe de Área de Servicios Sociais da Delegación Provincial de Pontevedra.
- Delégase a competencia para presidi-la comisión na directora xeral de Servicios Sociais.

1. O importe máximo subvencionable

será o que a seguir se detalla en función dos custos das distintas modalidades do programa:

a) Atención nas residencias adheridas ó programa:

• Custo máximo da praza asistida: ata 180.000 pesetas/mes.

• Cheque para residencia asistida: ata 90.000 pesetas/mes.

b) Atención en centros de atención diúrna adheridos ó programa:

• Custo máximo da praza: ata 70.000 pesetas/mes.

• Cheque para centro de atención diúrna: ata 35.000 pesetas/mes.

c) Atención de axuda no fogar prestada por entidades adheridas ó programa:

• Custo máximo do servizo: ata 1.300 pesetas/hora e ata 156.000 pesetas/mes.

• Número máximo de horas de servizo con cargo a este programa: ata 120 horas/mes.

• Cheque para axuda no fogar: ata 109.200 pesetas/mes.

d) Atención en estadia temporal ou asistencia a programas de respiro:

• Custo máximo (ata 60 días/ano): ata 180.000 pesetas/mes.

• Cheque para estadia temporal/programas de respiro: ata 90.000 pesetas/mes.

Para os efectos do cálculo da subvención considerarase que o beneficiario, axudado, se é o caso, pola súa unidade de convivencia ou por quen lle preste a axuda, participará cos seus ingresos no pagamento da contía mínima do 50% sobre o custo total das modalidades de atención diúrna e atención en estadia temporal ou asistencia a programas de respiro, e, no caso da modalidade de atención de axuda no fogar, participará na contía mínima do 30% sobre o custo total deste servizo; polo tanto, a contía máxima mensual subvencionable será a diferenza resultante entre os importes máximos establecidos segundo a modalidade e as achegas dos beneficiarios.

Na modalidade cheque-residencia a contribución do beneficiario nunca poderá ser inferior á marcada para beneficiarios de centros residenciais públicos dependentes da Comunidade Autónoma e que, nestes momentos, está fixado nun 75% dos seus ingresos líquidos, exceptuando pagas extraordinarias e tendo como límite máximo o custo real da praza.

1. A cantidade concedida traducirase en cheques mensuais, excepto para a modalidade de estadia temporal/programa de respiro que será de dous cheques, cos cales o beneficiario lle pagará á entidade que lle preste o servizo.

2. Os cheques serán efectivos a partir do día primeiro do mes seguinte á data da resolución de concesión da axuda, sempre que se acredite o inicio da prestación do servizo.

O prazo máximo que se lle concede ó

beneficiario para comezar a desfrutar dos servizos é de tres meses contados desde a data na que o cheque comeza a ser operativo, agás no caso da modalidade de estadias temporais, que se deberá desfrutar dentro do ano natural no que foi concedido. Este prazo poderá ser prorrogado excepcionalmente pola Comisión de Avaliación de Solicitudes sempre que se acredite a existencia de causa xustificada para a demora.

1. O pagamento ó beneficiario da axuda realizarase mediante a entrega dos correspondentes cheques pola respectiva delegación provincial, que este lle cederá mensualmente á entidade incluída no programa que lle preste o servizo. En ningún caso, con carácter previo á prestación do servizo, a entidade poderá se-la depositaria da totalidade dos cheques asinados polo usuario e cedidos ó seu nome.

Con estes cheques, máis a diferenza que proceda aboar polo usuario, a entidade liquidará o importe total dos servizos prestados dentro dos dez primeiros días do mes seguinte ó da prestación deles. A entidade prestadora entregarálle ó usuario o correspondente xustificante de pagamento e factura polo total do servizo, con especificación da achega do usuario.

2. As entidades prestadoras incluídas neste programa presentarán liquidación mensual do total de cheques de que dispoñan nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, segundo o número de usuarios atendidos.

3. Xunto cos cheques cada entidade prestadora remitiralle á delegación provincial que corresponda, unha relación nominal de tódolos beneficiarios do programa atendidos durante ese mes, no que fará constalo número de días de atención e na que indicará as continxencias acaecidas durante o período.

4. A delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais procederá a comproba-la documentación presentada, verificará o cumprimento do servizo e realizará a tramitación económica dos expedientes polo importe resultante da suma de cheques da mensuralidade correspondente, a favor de cada unha das entidades prestadoras de servizos.

5. No suposto de que un beneficiario deste sistema ingresase en centro hospitalario por un prazo igual ou superior a dez días consecutivos, a entidade recibirá o 40% das cantidades íntegras diarias que correspondan en calidade de reserva de servizos ou praza, se é o caso, importe que aboarán a partes iguais o beneficiario e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. O cálculo efectuarase por días durante o tempo que estivese hospitalizado. Se durante o período que dure a hospitalización o beneficiario ou a súa familia manifestan de forma expresa a súa vontade de non seguir recibindo os servizos acordados, entenderase que causa baixa

desde o momento en que a entidade reciba por escrito esta comunicación, percibindo o importe en concepto de reserva ata a data sinalada.

6. En caso de baixa durante o mes, por calquera motivo (voluntaria, vacacións, etc.), dun beneficiario do programa cheque residencia, consideranse como baixa as superiores a dez días consecutivos, non podendo superar un número total de trinta días ó ano por este concepto. Durante estas ausencias a entidade prestadora percibirá en concepto de reserva de praza un 40% do custo fixado, importe que aboarán a partes iguais o beneficiario e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Nas modalidades de cheque de atención diurna e de axuda no fogar, estas ausencias poderán incrementarse ata noventa días ó ano, dos que soamente se considerarán como tales as superiores a dez días consecutivos. O importe que percibirá a entidade prestadora en concepto de reserva de praza será o 40% do custo total sinalado, que será asumido a partes iguais polo beneficiario e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

7. Se un beneficiario decide voluntariamente o cambio de entidade prestadora por outra tamén incluída no programa, deberá facelo con data de primeiro de mes e comunicárllelo ós servizos sociais de atención primaria do concello onde presentou a solicitude, quen, pola súa banda, dará parte á delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais correspondente, no prazo de dez días desde que reciba a comunicación.

1. Facilitarlles ós órganos competentes toda a información económica, fiscal, laboral ou técnica que resulte necesaria para asegura-lo cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente a que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas segundo o previsto no artigo 78.6 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro.

2. Notificarlle ó órgano competente a solicitude e concesión de toda axuda por parte doutras administracións ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade, no prazo de quince días desde que sexa concedida.

3. Asumi-las actuacións de control técnico ou financeiro que correspondan coa subvención.

4. Destina-los cheques obxecto destas axudas á finalidade para a que foron concedidos dentro dos tres meses seguintes á concesión da axuda. Así mesmo, deberán comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu outorgamento, desde que se producise a antedita alteración.

No relativo ás prórrogas e extinción das axudas concedidas haberá que se ater ó previsto nos artigos 8 e 9 do Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial. Por proposta da Comisión de Avaliación de Solicitudes, sexa por denuncia ou como consecuencia da proposta razoada dos órganos que teñan atribuídas facultades de inspección na materia, poderanse deixar sen efecto as axudas concedidas e, en todo caso, esixi-lo reintegro, total ou parcial, dos cheques recibidos polos beneficiarios ou das cantidades recibidas polas entidades prestadoras a cambio dos cheques, así como xuros de demora desde o momento do pagamento da axuda. Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito da persoa interesada á audiencia. O prazo máximo para resolvelo será de seis meses desde o momento en que foi incoado o expediente de revogación. As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingreso de dereito público para os efectos da cobranza. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas de análoga natureza outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á extinción do dereito á axuda ou á modificación da resolución de concesión, nos termos previstos no artigo 8 do Decreto 176/2000, do 22 de xuño.

As entidades prestadoras dos servicios recollidos no programa que desexen colaborar na prestación das distintas modalidades de cheque someteranse a un procedemento de autorización administrativa previa, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 176/2000, do 22 de xuño. Os centros de atención a persoas maiores tipificados como residencias e/ou centros de día deberán estar situados no territorio da Comunidade Autónoma galega e contar co previo e preceptivo permiso de inicio de actividades outorgado con carácter definitivo pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

As entidades que sexan titulares de centros ou desenvolvan programas de axuda no fogar poderán solicita-la súa inclusión no programa de cheque asistencial, de acordo con esta orde, comprometéndose a asumir-las seguintes obrigas:

- Presta-los servicios correspondentes á tipoloxía do centro ou programa de conformidade coa lexislación na materia.
- Respecta-los prezos dos servicios obrigatorios que non excederán dos publicados pola Consellería de Sanidade e Servicio Sociais, nos que estarán incluídos os impostos correspondentes.

- Implantar na súa organización os modelos de xestión e avaliación informática necesarias para unha axeitada xestión e seguimento do programa de cheque asistencial, que facilite a Dirección Xeral de Servicios Sociais, así como achega-los datos estatísticos normalizados.
- Comunicar anualmente a incidencia deste programa na creación de emprego, así como a súa estabilidade.
- Someterse ás inspeccións e actuacións de comprobación de calidade que desenvolva a consellería competente.
- Acepta-los beneficiarios do cheque asistencial se dispoñen de prazas vacantes. Unha vez aceptado un usuario non poderá cesar na súa atención salvo circunstancias excepcionais e logo de comunicación e aceptación pola Dirección Xeral de Servicios Sociais.
- Anota-los servicios ou ingreso de cada beneficiario atendido no libro de rexistro da entidade, facendo constar nel que está acollido ó Programa de Cheque Asistencial.
- Comunicarlle nun prazo máximo de cinco días á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da provincia onde estea a entidade o ingreso ou inicio da atención á persoa beneficiaria, a hospitalización dela ou a súa baixa.
- Anotar no libro de rexistro da entidade a baixa do interesado e os motivos así como calquera outra incidencia que se produza.
- Dispoñer dun expediente individualizado de cada usuario cos seus datos sociais e sanitarios, garantíndose a confidencialidade deles. Igualmente, nos programas de cheque de atención diúrna e de axuda no fogar, deberán consta-los datos necesarios para o seu coidado.
- Aterse ás indicacións técnicas ou procedementais que sobre esta materia realicen os órganos competentes.

1. Para os efectos desta orde as entidades que colaboren na prestación do cheque residencia deberán contar, como mínimo, cos seguintes servicios:

1.1. Aloxamento, que comprenderá: o uso dun cuarto e zonas de convivencia; a manutención; o lavado, repasado e a pasada de ferro de roupa persoal; a roupa de cama, mesa, aseo.

A estancia do usuario realizarase nun cuarto individual ou dobre. Nos cuartos garantirase a intimidade dos usuarios, na medida do posible. Os menús deberaos supervisar un médico e terán que ser variados e garanti-la achega calórica e dietética axeitada. Xunto co menú ordinario deberán prepararse outros de réxime

para os usuarios que o precisen.

1.2. O coidado persoal, control e protección do usuario, que comprenderá a prestación da asistencia necesaria para a realización das actividades da vida diaria, así como aquelas outras actuacións ou medidas precisas encamiñadas á salvagarda da integridade persoal dos usuarios.

Deberá garantirse o aseo persoal diario dos usuarios, prestándolles apoio no grao en que sexa necesario. A provisión de medicamentos, material funxible, efectos e accesorios e demais material sanitario que se prescriba, levarase a cabo seguindo as instrucións que para tal efecto dicte a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

1.3. A atención xerontolóxica integral, que deberá comprender as actuacións propias do seu campo, así como o desenvolvemento de programas de reuperación funcional, sen prexuízo da utilización ou coordinación, se é o caso, cos servizos sanitarios do sistema xeral.

Unha vez que se proceda ó ingreso dos beneficiarios, levarase a cabo un estudo e avaliación interdisciplinares, para elaborar un programa de atención personalizada dirixido a alcanzar e manter a súa saúde, autonomía persoal e integración social no maior grao posible.

Prestaránselles ós beneficiarios que o precisen os tratamentos de fisioterapia e terapia ocupacional así como outros tratamentos que resulten necesarios.

1.4. Atención social, que incluíra entre as súas actividades a valoración das circunstancias sociais dos usuarios, a promoción da súa integración e participación na vida do centro e no

medio no que esta se atopa, a animación sociocultural e as relacións coas familias dos usuarios.

Así mesmo, cada centro poderá ofrecer outros servizos non obrigatorios que se poderán contratar libremente polos beneficiarios aboando o custo correspondente.

2. O centro deberá contar coa figura dun responsable e co persoal axeitado en número e especialización, para a prestación dos servizos correspondentes.

Garantiranse a vixilancia e o coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado, procurando en todo caso unha asistencia integral a través da prestación de servizos profesionais propios ou concertados. En todo caso, ademais do persoal de mantemento, vixilancia, limpeza e demais, o centro contará, como mínimo, cos seguintes servizos profesionais:

2.1. Asistencia médica, preferentemente con formación xeriátrica.

2.2. O persoal de enfermería contará con ATS/DUE e auxiliares de enfermería

ou xerocultores.

2.3. Fisioterapeuta.

2.4. Animador sociocultural ou monitor ocupacional.

2.5. Traballador social/asistente social.

1. Para os efectos desta orde as entidades que colaboren na prestación do cheque centro de atención diurna deberán contar, como mínimo, cos seguintes servizos:

1.1. Atención persoal que garantirá o aseo persoal dos beneficiarios, o seu coidado, control e protección para a prestación de asistencia necesaria mentres permaneza no centro. Así mesmo, incluíranse servizos de comida con menús variados e supervisados por persoal médico para garantir unha achega calórica e dietética axeitada.

1.2. Atención xerontolóxica que comprenderá o desenvolvemento de programas de recuperación funcional, terapia ocupacional e animación sociocultural.

1.3. Esta modalidade de atención poderá incluír programas de investigación, así como programas de formación e apoio psicolóxico para os coidadores habituais.

2. O centro deberá contar coa figura dun responsable que se poderá compartir co da residencia na que, se é o caso, o devandito centro estea integrado.

En todo caso, garantirase o seguimento e control dos profesionais, responsables dos plans de intervención dos coidados que se prestarán ós usuarios (médico, fisioterapeuta, psicólogo, animador sociocultural, ATS/DUE, asistente social, etc.)

1. Para os efectos desta orde os servizos prestados polas entidades incluídas nesta modalidade deberán ser, como mínimo, os seguintes:

1.1. Atencións de carácter persoal nas que englobarán todas aquelas actividades realizadas no domicilio do beneficiario cando este no poida levarlas a cabo por si mesmo e precise da axuda de persoal cualificado, entre as que se sinalan a hixiene persoal, axuda para comer, vixilancia nocturna, apoio á mobilización, recuperación funcional e outras atencións básicas para facilitar a autonomía persoal do beneficiario.

1.2. Atencións de carácter psicosocial e educativo referidas a intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, afectividade, integración social e outras semellantes.

1.3. Atencións de carácter doméstico

que agrupan as actividades realizadas de forma cotiá referidas a compra e preparación de alimentos, lavado e mantemento de roupa, limpeza e mantemento da vivenda e outras análogas.

1.4. Atencións de carácter técnico complementario referidas a unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, realizadas, se é o caso, co apoio de novas tecnoloxías.

1.5. Outras atencións que axuden ó mantemento e á optimización no posible da súa autonomía persoal.

2. O persoal que intervirá deste servizo estará composto como mínimo de:

2.1. Traballador social que, en coordinación cos servizos de atención primaria do concello, deseñará o prexecto de intervención adecuado levando a cabo o seu seguimento e avaliación.

2.2. Auxiliar de axuda no fogar, como profesional con formación específica impartida por institucións públicas ou privadas homologadas para o efecto, quen realizará as tarefas de carácter asistencial en contacto co usuario e, se é o caso, coa súa familia e, cando corresponda, en coordinación co persoal de atención primaria social e sanitaria.

2.3. En caso necesario contarase con profesionais como psicólogo, ATS/DUE, auxiliar xerocultor e outros profesionais sociosanitarios, en coordinación, se é o caso, co persoal de atención primaria social e/ou sanitario.

1. Esta modalidade de cheque prestará unha atención integral básica que, ademais dos servizos que presta o centro, incidirá especialmente en:

1.1. Asistencia sanitaria e actividades de recuperación funcional.

1.2. Terapia ocupacional.

1.3. Lecer e tempo libre.

2. As estancias temporais dos maiores obxecto deste programa realizaranse en centros xerontolóxicos en réxime de internado nas mesmas condicións cás previstas no artigo 17º desta orde. A duración máxima das estancias temporais será de dous meses.

3. Esta modalidade de atención poderá incluír programas de formación e apoio psicolóxico para os coidadores habituais.

1. O titular ou representante legal da entidade prestadora de servizos sociais deberá presentar na Dirección Xeral de Servizos Sociais, a partir da entrada en vigor desta orde, solicitude normalizada conforme o modelo establecido no anexo VII, para a súa inclusión no programa do cheque asistencial, xunto coa seguinte documentación:

- Identificación da carteira de servizos.

- Oferta de persoal, dimensionada segundo o número de beneficiarios, especificando formación e xornada laboral. O cadro de persoal será actualizado unha vez que se inicie a prestación do servizo, xuntando copia compulsada dos TC2 correspondentes.

- Copia compulsada do recibo actualizado de pagamento da póliza de seguros de responsabilidade civil.

2. Recibida a documentación e completada, se é o caso, o órgano instructor do expediente realizará as comprobacións oportunas respecto á situación administrativa da entidade e centro, e solicitará os informes ou a documentación que considere oportunos.

3. Unha vez formulada proposta de resolución pola unidade correspondente, a Dirección Xeral de Servizos Sociais resolverá e notificará o que proceda no prazo máximo de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo entenderase estimada a petición.

Non serán admitidas no programa de cheque asistencial:

1. As entidades que trala instrucción do oportuno expediente fosen sancionadas por infracción da Lei

4/1993, de servizos sociais, e non cumprisen a sanción imposta.

2. As entidades, respecto ó centro no que se dictou resolución de medios cautelares, en función dos incumprimentos ou riscos detectados no decurso de actuacións inspectoras, durante o tempo que persista o incumprimento ou risco que as xustificou.

3. No suposto de comisión de infraccións graves ou moi graves, previstas na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, as entidades afectadas non serán autorizadas para a súa inclusión no programa durante un período de 3 ou 5 anos, respectivamente, contados desde a data da imposición da sanción. Esta restricción unicamente afectará o centro respecto ó que se produciu a infracción e non ó resto de centros que puidesen ser xestionados pola entidade responsable.

1. O órgano competente para resolvelos expedientes de baixa será a Dirección Xeral de Servizos Sociais. A baixa das entidades prestadoras de servizos sociais, no programa do cheque asistencial respecto dalgún ou de tódolos seus centros e/ou servizos de axuda no fogar, poderá producirse de oficio ou por petición da parte.

2. Acordarase de oficio e logo de expediente incoado para tal fin, nos seguintes supostos:

a) Polas causas de non-admisión previstas no artigo 22º desta orde.

b) Por cesamento de actividades do

centro ou por deixar de presta-lo
servicio de axuda no fogar.

c) Por incumprimento dalgunha das
obrigas previstas no artigo 16º e, segundo
corresponda, 17º, 18º, 19º ou
20º desta orde.

A Dirección Xeral de Servicios Sociais,
a través do seu Servizo de Inspección, poderá
en calquera momento realiza-las visitas
ou solicita-la presentación de tanta documentación
considere necesaria, para
comprobar que reúnen os requisitos esixidos
na lexislación vixente.

3. Acordarase a petición de parte no seguinte
suposto:

As entidades incluídas no programa poderán
solicita-la súa baixa nel presentando
unha solicitude de acordo co modelo establecido
no anexo VIII, cunha antelación
mínima de 6 meses á data na que se pretenda
facer efectiva aquela, co fin de lles
evitar prexuízos ós beneficiarios.

A solicitude irá xunto coa relación de
beneficiarios do programa e do calendario
previsto.

A solicitude e demais documentación
presentada e requirida, se é o caso, será obxecto
de análise e comprobación, e dictarase
a oportuna resolución no prazo dun mes
desde a solicitude, que se notificará xunto
coas medidas cautelares precisas para a correcta
atención ós beneficiarios, que serán
de obrigado cumprimento para a entidade.
Transcorrido o dito prazo entenderase estimada
a petición.

4. No suposto previsto no artigo
22.2º desta orde suspenderase a inclusión
da entidade no programa de cheque asistencial,
nos termos establecidos na resolución
de medidas cautelares.

As resolucións que se dicten en aplicación
desta orde esgotan a vía administrativa,
podéndose interpoñer contra elas recurso
potestativo de reposición ante o
mesmo órgano que resolveu nun prazo
dun mes, na forma e nas condicións que

determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro,
de réxime xurídico das administracións
públicas e do procedemento administrativo
común. Igualmente, poderanse
impugnar directamente ante os órganos da
xurisdicción contencioso-administrativa
nun prazo de dous meses segundo a Lei
29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción
contencioso-administrativa.

Disposicións adicionais

Primeira.– A concesión destas axudas
terá como límite global as dispoñibilidades
orzamentarias consignadas para esta finalidade.
Segunda.– En función das referidas dispoñibilidades
orzamentarias, mediante resolución
da Dirección Xeral de Servicos
Sociais poderá procederse á adaptación e
actualización dos custos máximos das distintas
modalidades do programa e dos importes
máximos subvencionables, previstos
nesta orde.

Terceira.– O incumprimento total ou
parcial das condicións establecidas, así como
a duplicidade da axuda con cargo a outros
créditos dos orzamentos xerais do Estado,
Seguridade Social, Administración
institucional, autonómica ou local constituirán
causa determinante do reintegro de
axuda percibida, xunto cos xuros de demora,
segundo o previsto no artigo 78.9º do
texto refundido da Lei de réxime financeiro
e orzamentario de Galicia, aprobado polo
Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro,
modificada pola Lei 8/1999, do 30
de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias
e de función pública e actuación
administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.– Autorízase a directora xeral
de Servicos Sociais para dicta-las disposicións
que sexan necesarias para o desenvolvemento
desta orde.

Segunda.– Esta orde entrará en vigor o
día seguinte ó da súa publicación no Diario
Oficial de Galicia.